

BENEFICIOS FISCAIS NA AGRICULTURA

Normativa aplicable

- Lei 19/1995, do 4 de xullo, estatal de Modernización das Explotacións Agrarias (BOE nº159 de 5/07/95), modificacións posteriores e OM de13/12/95 e Real Decreto 2484/1996.
- Decreto 98/2007, do 24 de maio, galego polo que se establece o procedemento para autorizar as permutas voluntarias de predios rústicos para os efectos de solicitar a exención do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. (DOG 108 de 6 de xuño)
- Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado. (DOG 201 de 20 de outubro).
ISD = Imposto de Sucesións e Doazóns. **ITPAXD**= Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados

Última actualización: 30/04/2012.

TRANSMISIÓN	REQUISITOS	REDUCCIÓN NA BASE IMPOÑIBLE	COMPROMISOS	DOCUMENTACIÓN	TRAMITA
<p>1.ADQUISICIÓN INTER VIVOS O MORTIS CAUSA DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS OU FINCAS RÚSTICAS.</p> <p>(Arts. 9,10,11 e 20 da Lei 19/1995)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Que sexa titular dunha Explotación Agraria Prioritaria ou que poida adquirir esa condición coa dita adquisición, e sempre que non se altere a condición de prioritaria da explotación do adquirente. ✓ Que a adquisición sexa por calquera título, lucrativo ou oneroso, en pleno dominio ou usufructo vitalicio dunha explotación agraria, sempre en escritura pública: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Caso 1: na súa integridade (aínda que se exclúa a vivenda). ▪ Caso 2: adquisición parcial. ▪ Caso 3: completar baixo unha linde o 50-100% a superficie suficiente para constituir unha explotación prioritaria. 	<p>90%-100% ISD (Caso 1)</p> <p>75% ISD (Caso 2)</p> <p>50-100%ISD (Caso 3)</p>	<p>Excepto supostos de forza maior non enaxenar, alugar ou ceder o adquirido nun prazo de 5 anos. Esta situación deberá facerse constar na escritura pública.</p>	<p>1. Se explotación xa está cualificada como prioritaria :</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Certificación que acredite súa cualificación. ✓ Copia simple do documento notarial para o que solicita a redución. <p>2. Se explotación non está cualificada como prioritaria:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Solicitud normalizada para a súa cualificación. ✓ Documentación esixida no art. 3 da Orde do 22 de xaneiro de 2009. 	<p>SERVIZO TERRITORIAL DE EXPLOTACIONES AGRARIAS</p>
<p>2. ADQUISICIÓN MORTIS CAUSA DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS, DOS SEUS ELEMENTOS AFECTOS, OU DO DEREITO DE USUFRUCTO SOBRE DESTOS.</p> <p>(Art. 7.5.1. e 7.5.2. do DL 1/2011)</p>	<p>Caso 1. Se se transmite a explotación agraria ou os dereitos de usufructo sobre dela (Art. 7.5.1. do DL 1/2011):</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Que na data de devengo o causante ou o seu conxuxe teñan a condición de agricultor/a profesional. ✓ Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante. ✓ Que a explotación agraria exercera actividades agrarias durante un período superior aos 2 anos anteriores ao devengo do imposto. <p>Caso 2. Se se transmite os elementos afectos a unha explotación agraria ou os dereitos de usufructo sobre deles (Art. 7.5.2. do DL 1/2011):</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante. ✓ Que na data de devengo as persoas adquirentes teñan a condición de agricultor/a profesional, e sexan ben titulares dunha explotación agraria ou ben socios/as dunha SAT, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou SC á que estean afectos os elementos que se transmiten. ✓ Que a explotación agraria exercera actividades agrarias durante un período superior aos 2 anos anteriores ao devengo do imposto. 	<p>99% ISD</p>	<p>Que o adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria durante os 5 anos seguintes ao devengo do imposto, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.</p>	<p>1. En tódolos casos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Últimas vontades. ✓ Testamento ou declaración de heredeiros. ✓ inventario de fincas ou documento de partición da herdanza, de selo caso. <p>2. Acreditación de Agricultor Profesional:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Verificarase se a explotación é prioritaria. ✓ Se non está calificada como prioritaria, o solicitante terá que acreditar que o falecido ou o seu cónxuxe era Agricultor Profesional mediante a última declaración do IRPF e o informe de vida laboral da SS. 	<p>SERVIZO TERRITORIAL DE EXPLOTACIONES AGRARIAS</p>

BENEFICIOS FISCAIS NA AGRICULTURA

<p>3. ADQUISICIÓN DE FINCAS RÚSTICAS DE DEDICACIÓN FORESTAL.</p> <p>(D.A. 4ª da Lei 19/1995)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Adquisición por calquera título, lucrativo ou oneroso, <i>inter vivos</i> ou <i>mortis causa</i>, en pleno dominio ou nuda propiedad. ✓ Que a finca sexa de dedicación forestal dentro dunha explotación forestal ou dentro dunha explotación agraria con superficie de dedicación forestal superior ao 80% da súa superficie total, ou que a superficie estea incluída nun Plan de Protección ou posúa algunha figura de planificación da ordenación forestal. ✓ Da mesma redución gozará a extinción do usufructo que se reservara o transmitente. 	<p>50-90% ISD</p>	<p>Que non se altere o carácter forestal do predio e non sexa transferido por razón de <i>inter vivos</i>, arrendado, cedido a súa explotación polo adquirente, durante os 5 anos seguintes á adquisición.</p>	<p>1. Mortis causa:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Últimas vontades. ✓ Testamento ou declaración de herdeiros. ✓ Cédula catastral de fincas. ✓ Identificación parcelas SIXPAC. <p>2. Inter vivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Copia do documento público. <p>3. Acreditación do Plan de Protección ou Plan de ordenación forestal:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Informe do servizo de Montes. 	<p>SERVIZO TERRITORIAL DE EXPLOTACIONES AGRARIAS</p>
<p>4. ADQUISICIÓN DE PREDIOS RÚSTICOS DE DEDICACIÓN FORESTAL INCLUIDOS NA REDE GALEGA DE ESPAZOS PROTEXIDOS</p> <p>(Art. 7.6. do DL 1/2011)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Adquisición <i>mortis causa</i>. ✓ Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes ou colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive do causante. 	<p>95% ISD</p>	<p>As persoas adquirentes deberán manter os predios adquiridos durante os 5 anos seguintes ao devengo, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Últimas vontades. ✓ Testamento ou declaración de herdeiros. ✓ Inventario de fincas, cédula catastral/SIXPAC. 	<p>SERVIZO TERRITORIAL DE CONSERVACION DA NATUREZA</p>
<p>5. TRANSMISIÓNS <i>INTER VIVOS</i> DE PARTICIPACIÓNS DUNHA EXPLOTACIÓN AGRARIA OU DOS SEUS DEREITOS DE USUFRUCTO.</p> <p>(Art. 8.5. do DL 1/2011)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Que a persoa doadora teña 65 ou máis anos ou se atope en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez. ✓ Que na data de devengo a persoa doadora teña a condición de agricultor/a profesional e perda tal condición a consecuencia da doazón. ✓ Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa doadora. ✓ Que a explotación agraria viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos 2 anos anteriores ao devengo do imposto. 	<p>99% ISD</p>	<p>Que a persoa adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria e a súa condición de agricultor/a profesional durante os 5 anos seguintes ao devengo do imposto, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.</p>	<p>1. En tódolos casos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Últimas vontades. ✓ Testamento ou declaración de herdeiros. ✓ inventario de fincas ou documento de partición da herdanza, de selo caso. <p>2. Acreditación Agricultor/a Profesional:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Verificarase se a explotación é prioritaria. ✓ Se non está calificada como prioritaria, última declaración do IRPF e informe de vida laboral da SS. 	<p>SERVIZO TERRITORIAL DE EXPLOTACIONES AGRARIAS</p>

BENEFICIOS FISCAIS NA AGRICULTURA

<p>6. PERMUTAS DE FINCAS RÚSTICAS (Art. 12 da Lei 19/1995) (Decreto 98/2007)</p>	<p>✓ Sempre a permuta se formalizará en escritura pública.</p> <p>Caso 1. Se un dos permutantes é titular dunha explotación agraria prioritaria é terá por finalidade (Art. 12 da Lei 19/1995) :</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Eliminar parcelas enclavadas. ✓ Suprimir servidumes de paso. ✓ Reestructura-las explotacións agrarias. <p>Caso 2. Se ningún dos permutantes é titular dunha explotación agraria prioritaria (Decreto 98/2007):</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Os predios serán de semellante valor. ✓ Se favoreza a explotación dos predios permutados. 	<p>Exentas ITPAXD</p>	<p>No caso de non seren explotacións prioritarias será condición que os predios rústicos se manteñan, durante un período mínimo de 5 anos, dedicadas a un destino agrario ou á edificación de instalacións ou construcións asociadas á explotación agraria, salvo nos supostos de expropiación para a construción de infraestruturas públicas.</p>	<p>Caso 1</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Copia da escritura publica de permuta. ✓ Se a explotación dun dos dous permutantes xa está calificada como prioritaria debe presentar copia simple do documento notarial para o que solicita a redución. <p>Caso 2</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Copia do NIF-CIF das persoas que permutan, e si son persoas xurídicas copia do documento de constitución e dos seus estatutos. ✓ Copia da escritura publica de permuta. ✓ Certificado emitido polo catastro dos predios permutados ou informe pericial emitido por técnico. ✓ Certificación de estar ao día no pagamento dos tributos dos predios que hai que permutar. 	<p style="text-align: center;">SERVIZO TERRITORIAL DE EXPLOTACIONES AGRARIAS (Caso 1)</p> <p style="text-align: center;">DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMEN TO RURAL (Caso 2)</p>
<p>7.ARRENDAMENTO DE TERREOS RUSTICOS (Art. 16.2 e 16.4 DL 1/2011)</p>	<p>Caso 1. Que as persoas arrendatarias, teñan a condición de agricultor profesional e sexan titulares dunha explotación agraria a cal queden afectos os elementos arrendados, ou ben socios dunha SAT, cooperativa comunitaria da terra ou unha sociedade civil, que sexa titular dunha explotación agraria (Art. 16.2 DL 1/2011).</p> <p>Caso 2. Transmisións onerosas de parcelas forestais incluídas na superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica sempre que esas transmisións sexan realizadas entre membros destas agrupacións ou ben con terceiros que se integren nelas (Art.16.4 DL 1/2011).</p>	<p>Exentas ITPAXD</p>	<p>Caso 1. Os elementos arrendados quedarán afectos a explotación agraria da cal é titular o solicitante.</p> <p>Caso 2. Manter a propiedade polo prazo, contido nos estatutos sociais, que reste para o cumprimento do compromiso da agrupación de permanencia obrigatoria na xestión conxunta das parcelas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Copia do documento publico/privado de arrendamento. <p>Caso 1</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Se a explotación estaba calificada como prioritaria xa se acredita que o titular é Agricultor Profesional. ✓ Se non está como prioritaria, o doador terá que acreditar que é Agricultor Profesional coa última declaración do IRPF e que ten, alomenos, 1/2 UTA, co informe de vida laboral da Seguridade Social. <p>Caso 2</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Xustificacntes expedidos pola Consellería de Medio Rural e Mar que acrediten a inclusión das parcelas na agrupación de propietarios forestais 	<p style="text-align: center;">SERVIZO TERRITORIAL DE EXPLOTACIONES AGRARIAS (Caso 1)</p> <p style="text-align: center;">DIRECCIÓN XERAL DE MONTES (Caso 2)</p>
<p>8.TRANSMISIÓN DE PREDIOS RÚSTICOS DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA (Art. 16.3 DL 1/2011)</p>	<p>Alleamento ou cesión de predios rústicos do Banco de Terras de Galicia</p>	<p>95% ITPAXD</p>	<p>Manter durante un período mínimo de 5 anos o destino agrario do predio, agás expropiación para infraestructura pública ou instalacións ou construcións para a explotación. Si incumplimento deberánse ingresar o importe do beneficio gozado máis xuros de mora en 30 días hábiles desde o incumplimento.</p>		

BENEFICIOS FISCAIS NA AGRICULTURA

<p>9.ADQUISICIÓNS DE PREDIOS FORESTAIS ÁS AGRUPACIÓNS DE PROPIETARIOS FORESTAIS. (Art.7.7 e 8.7 do DL 1/2011)</p>	<p>✓ Adquisición <i>mortis causa</i> ou <i>inter vivos</i> de parcelas forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica.</p>	<p style="text-align: center;">99% ISD</p>	<p>Manter a propiedade polo prazo, contido nos estatutos sociais, que reste para o cumprimento do compromiso da agrupación de permanencia obrigatoria na xestión conxunta das parcelas.</p>	<p>✓ Xustificacntes expedidos pola Consellería de Medio Rural e Mar que acrediten a inclusión das parcelas na agrupación de propietarios forestais</p>	<p style="text-align: center;">DIRECCIÓN XERAL DE MONTES</p>
--	--	--	---	--	---

- Os beneficiarios presentarán a solicitude normalizada para a emisión de certificados xunto coa documentación que acredite os requisitos nas **Oficinas Agrarias Comarcais** ou no **Servizo Territorial de Explotacións Agrarias**. A dita certificación será presentada posteriormente no organismo que lle practique o correspondente beneficio fiscal ou redución de imposto. No caso de agricultores mozos para a declaración do IRPF, o servizo de Explotacións Agrarias emitiralle de oficio a certificación acreditativa.
- No caso de permutas voluntarias de predios rústicos, realizadas por titulares de explotacións agrarias non prioritarias, os beneficiarios cumprimentarán a solicitude segundo o procedemento **MR103A (DOG nº108 de 6/06/07)**, que será remitida co resto da documentación a **Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural**, onde se emitirá a certificación correspondente.
- **Artigo 12 do DL 1/2011. Tratamento fiscal das unións estables de parella.** Para os efectos da aplicación deste texto refundido, equipáranse ao matrimonio as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio.
- **Artigo 8.6. do DL 1/2011. Redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica, de participacións en entidades e de explotacións agrarias nos pactos sucesorios.** No caso dos feitos impositivos recollidos na alínea a) do artigo 3.1 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, nos cales non se produza o falecemento do transmitente, os requisitos para a aplicación da redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica, de participacións en entidades e de explotacións agrarias serán os establecidos para as adquisicións *inter vivos*.

BENEFICIOS FISCAIS NA AGRICULTURA

OUTROS BENEFICIOS FISCAIS

1º. Prestamos hipotecarios

(art. 8 e art. 20.4 da Lei 19/1995 estatal de modernización das explotacións agrarias)

Beneficiarios

- ✓ Titulares de explotacións prioritarias e de non prioritarias que adquiren esa condición mediante adquisicións financiadas co préstamo.
- ✓ Agricultores mozos (Entre 18 e 40 anos) ou asalariados agrarios para facilitar a súa primeira instalación nunha explotación agraria prioritaria.

Requisitos

- ✓ Acollerse a un crédito hipotecario dentro das axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios.

Beneficios

- ✓ Quedarán exentas do gravame gradual de Actos Xurídicos Documentados as primeiras copias de escrituras públicas que documenten a constitución, modificación ou cancelación de préstamos hipotecarios suxeitos a IVE.

2º. Declaración da Renda en agricultores mozos

(D.A. 6ª do Real Decreto Lexislativo 3/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas)

Beneficiarios

- ✓ Agricultores mozos (Entre 18 e 40 anos) ou asalariados agrarios.

Requisitos

- ✓ Determinar o rendimento neto da súa actividade mediante o réxime de estimación obxectiva (módulos).
- ✓ Facerse titular dunha explotación agraria prioritaria.
- ✓ Acreditar a realización dun plan de mellora da explotación.

Beneficios

- ✓ Redución dun 25 % durante os períodos impositivos pechados nos 5 anos seguintes a súa primeira instalación como titulares.

3ª. Arancel especial de notarios e rexistradores da propiedade

(D.F. 4ª da Lei 19/1995 estatal de modernización das explotacións agrarias; Art. 1 e 2 Real Decreto 2484/1996 de redución de dereitos notariais e honorarios dos rexistradores da propiedade en aplicación da Lei 19/95)

Beneficiarios

- ✓ Formalización de actos relacionados coa aplicación da Lei 19/1995.

Requisitos

- ✓ Acreditación da condición de explotación agraria prioritaria, a súa titularidade ou a posibilidade de acadar esa consideración.

Beneficios

- ✓ Redución dun 30% nos honorarios do notario e dun 30% nos honorarios do rexistrador se esas fincas se inscriben no rexistro da propiedade.

BENEFICIOS FISCAIS NA AGRICULTURA

4º. Amortización do inmovilizado material e inmaterial das explotacións asociativas prioritarias

(Art.14 da Lei 19/1995 estatal de modernización das explotación agrarias; art. 11.2.e do RDL 2/2004 do Texto Refundido da Lei do Imposto de sociedades)

Beneficiarios

- ✓ Explotacións asociativas prioritarias.

Requisitos

- ✓ Acreditación da condición de explotación asociativa prioritaria, a súa titularidade ou a posibilidade de acadar esa consideración.

Beneficios

- ✓ Se amortizarán libremente, e se son cooperativas agrarias especialmente protexidas (Lei 20/1990) a bonificación da cuota íntegra no Imposto de sociedades será do 80%.

OUTROS BENEFICIOS DE INTERESE

5º. Recoñecemento do incremento da pensión de incapacidade permanente total para a profesión habitual para os traballadores por conta propia

(Art.1.uno e 3.c do RD463/2003, de 25 de abril sobre Recoñecemento do incremento da pensión de incapacidade permanente total)

6º. Exención da liquidación do imposto de obras en determinados concellos de Galicia no caso de ser explotación catalogada como prioritaria.